

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 21 DE NOVEMBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Portomarín.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Portomarín.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada AC-118 (1,825 km) e da AC-119 (2,623 km) a prol do Concello das Pontes.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se insta á Asesoría Xurídica Xeral a interposición de recurso de casación contra a Sentenza ditada pola Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña nos autos do procedemento abreviado 38/2011 relativo ao accidente marítimo do buque Prestige.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2014 das axudas do Igape para a contratación de xestores Igapex de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o inicio do proceso de especialización na Universidade de Vigo, do Campus da Auga no Campus de Ourense.

INFORMES

CONSELLERÍA ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre proxectos aprobados ao abeiro das liñas de apoio a investimentos tecnolóxicos e investimentos no sector servizos.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a xestión dos Fondos Europeos Agrícolas Feaga e Feader do exercicio comunitario 2013.


O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establece a conformación oficial do escudo e a bandeira do Concello de Portomarín (Lugo).

O escudo de Portomarín consistirá nunha ponte de ouro (amarelo) sobre ondas de prata (branco) e azur (azul), fondo de gules (vermello) e unha cruz sanxoanista de prata entiba. Ao timbre, coroa real pechada.

Pola súa banda, a bandeira é en pano vermello á hasta (esquerda), coa cruz branca de San Xoán, e terzada de amarelo con tres retallos vermellos horizontais ao batente (dereita).

ESCUDO E BANDEIRA DE PORTOMARÍN



AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO ORIENTARON EN DOUS ANOS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN CON INFLUENCIA NO 56% DA POBOACIÓN E O 11% DA SUPERFICIE DE GALICIA

- *O Goberno galego informou hoxe no Consello da Xunta da incidencia das DOT e aprobou o Plan de seguimento, que será o garante, ante a cidadanía galega, da aplicación dunha ordenación do territorio responsable, sustentable, participativa e coordinada en que están implicados 17 departamentos competenciais da Xunta*
- *A partir deste informe, o Goberno galego elaborará a primeira memoria das DOT, que terá carácter anual, e proximamente será presentada no Parlamento*
- *O informe, que recolle o nivel de ocupación do solo, pon de manifesto o gran potencial do territorio galego ao acadar un grao de transformación de apenas o 6%. No caso do litoral, que soporta procesos de transformación máis intensos, a porcentaxe aproxímase ao 12%*
- *No caso da superficie edificada 2/3 partes localízanse nas zonas vinculadas aos asentamentos históricos, favorecendo a consolidación dos núcleos preexistentes e impulsando a rede de núcleos rurais como modelo tradicional de asentamento*
- *O Plan de seguimento medirá, a través de indicadores, o grao de cumprimento das DOT e analizará a percepción dos cidadáns sobre a calidade de vida nas cidades e no rural, e repercusión do desenvolvemento dos instrumentos de ordenación e urbanismo*
- *A aprobación das DOT no Consello da Xunta do 10 de febreiro de 2011 pechou un proceso que comezou no ano 1995, coa aprobación da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, que recollía a necesidade de que Galicia contase cunhas directrices que ofrecen unha visión global da ordenación territorial*

O Consello da Xunta celebrado no día de hoxe aprobou o decreto que regula o Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio, que ten como obxectivo garantir o cumprimento das determinacións contidas neste instrumento de planificación territorial de Galicia. Deste xeito, a Xunta dá un paso máis cara á xestión responsable e dinámica do territorio, ao ser a primeira comunidade autónoma en avaliar o grao de incidencia das súas DOT.

O Consello tamén foi informado do balance das directrices de ordenación do territorio, que desde a súa entrada en vigor, o 23 febreiro de 2011, xa acadaron un grao de incidencia moi destacado, posto que permitiron orientar instrumentos de planificación territorial con influencia no 10,88% da superficie de Galicia e no 56% da poboación.

Este balance servirá de punto de partida para a elaboración da primeira memoria do Plan de seguimento das DOT que redactará o Goberno galego, a través do Instituto de

Estudos do Territorio, dependente da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, que será presentada proximamente no Parlamento Galego.

Instrumento estratéxico para unha sociedade sustentable

A aprobación das DOT en febreiro de 2011 enmarcouse no seo das accións recollidas no Pacto polo territorio subscrito en outubro de 2009, e supuxo o peche dun proceso que comezou no ano 1995, coa aprobación da Lei de ordenación do territorio de Galicia.

As DOT constitúen o instrumento marco de planificación territorial, e teñen por finalidade definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais dotándoas de coherencia espacial, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz no territorio. Supoñen, por tanto, unha visión global da ordenación territorial de Galicia e serven de referencia para o resto das figuras de planificación territorial e urbanística, así como para as actuacións desenvolvidas tanto polas administracións como polos particulares.

Plan de seguimento

O Plan de seguimento constitúe unha ferramenta de recoñecemento da realidade galega para facer unha xestión do territorio dinámica e transparente. A finalidade do plan é garantir a eficacia das DOT, comprobar que os resultados son acordes cos obxectivos perseguidos e, de ser o caso, corrixir evolucións non axeitadas co modelo de sustentabilidade.

O Plan de seguimento realizarase en función dunha serie de criterios e determinacións, entre os cales destacan:

Desenvolvementos residenciais	<ul style="list-style-type: none">• A previsión de novos desenvolvementos residenciais fundaméntase nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas, tendo en conta as existentes e o estado de conservación.• Priorízase a compactación das cidades, vilas e núcleos fronte á expansión sobre terreos en estado natural, a través da rehabilitación e a consolidación.• Prohíbense novos crecementos residenciais desvinculados dos preexistentes e ao longo das vías de comunicación.• Garantízase a existencia de abastecemento, saneamento e depuración de auga para as necesidades presentes e futuras da poboación e das actividades e prevense as infraestruturas necesarias para o abastecemento eléctrico e de gas.• Exíxese un estudo da paisaxe urbana e das paisaxes vinculadas ao sector agrario e medio rural para promover a rehabilitación, e
--------------------------------------	---

	reforzar o interese patrimonial e cultural.
Áreas empresariais	<ul style="list-style-type: none"> • Na formulación de novas áreas empresariais prima o carácter estratéxico de influencia supracomarcal.
Infraestruturas	<ul style="list-style-type: none"> • As localizacións das estacións de alta velocidade en construción atenderán a criterios de máxima accesibilidade e terán carácter de estación intermodal. • Os portos de interese xeral do Estado terán conexións ferroviarias e acceso viario á rede xeral do Estado a través de vías de alta capacidade. Prevese a recolocación en áreas exteriores próximas daquelas actividades produtivas que non requiren a súa localización dentro do dominio público portuario. • Nos concellos costeiros preverase a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración. Poténciase o contorno dos portos pesqueiros tradicionais como áreas de identidade cultural e imaxe urbana.
Actividades e equipamentos en solo rústico	<ul style="list-style-type: none"> • As actividades de turismo rural en solo rústico especialmente protexido desenvolveranse en edificacións preexistentes de interese patrimonial ou etnográfico. No caso dos equipamentos reutilizaranse os edificios existentes

Comisión de seguimento

O Plan aprobado hoxe vén completar o mecanismo establecido para controlar o cumprimento das DOT, posto que desde o 7 de agosto de 2012 xa vén funcionando a comisión de seguimento das directrices. Este órgano de coordinación técnica apóiase nun sistema de traballo que integra distintos departamentos da Xunta, organizados en 17 grupos competenciais, que conta coa colaboración do Instituto Galego de Estatística (IGE).

O obxectivo da Comisión de Seguimento das DOT é mellorar a obtención e sistematización dos datos que alimentan os marcadores de sustentabilidade, e que posibilitarán aos galegos avaliaren o grao de cumprimento, a través de tres ferramentas específicas: os indicadores de desenvolvemento e implantación, que permiten coñecer as repercusións sobre o territorio dos diferentes tipos de actuacións e mellorar os mecanismos de toma de decisión; os indicadores de sustentabilidade territorial relacionados coa ocupación do territorio, paisaxe, patrimonio natural e cultural, ciclo hídrico, enerxía e mobilidade, entre outros; e a enquisa de percepción territorial e urbanística, baseada nunha análise da percepción dos galegos.

O sistema de seguimento das DOT será o auténtico garante, ante a cidadanía galega, da aplicación dunha ordenación do territorio responsable, sustentable, participativa e coordinada, xa que supón con carácter anual a elaboración por parte do Instituto de

Estudos do Territorio dunha memoria, que será remitida ao Parlamento para o seu coñecemento.

Balace das directrices

Pola propia natureza estratéxica das DOT, o balance de resultados require dun intervalo de tempo necesariamente amplo para que os efectos previstos poidan aflorar. Nos máis de dous anos que levan en vigor verificase que se están a tomar decisións acordes cos criterios dun novo modelo territorial para o futuro de Galicia, e a despregar medidas e instrumentos sectoriais destinados a lograr a harmonización e o desenvolvemento das cidades e a previr a urbanización difusa, especialmente no rural.

O informe, que recolle o nivel de ocupación do solo, pon de manifesto o gran potencial do territorio galego ao acadar un grao de transformación de apenas o 6%. No caso do litoral, que soporta procesos de transformación máis intensos, a porcentaxe aproxímase ao 12 %. No caso da superficie edificada, 2/3 partes localízanse nas zonas vinculadas aos asentamentos históricos, favorecendo a consolidación dos núcleos preexistentes e impulsando a rede de núcleos rurais como modelo tradicional de asentamento

Por outra banda, nos seus dous primeiros anos de vixencia, o modelo definido polas DOT tivo un importante grao de incidencia na orientación de novos instrumentos de planificación territorial con influencia no 11% da superficie de Galicia e no 56% da poboación.

BALANCE INCIDENCIA DAS DOT EN 2 ANOS					
INSTRUMENTOS		SUPERFICIE		POBOACIÓN	
		HAS	PORCENTAXE	Nº HABITANTES	PORCENTAXE
Plans territoriais integrados	POL	215.359 ha	7,25 %	1.228.740	45,09%
Plans sectoriais	3	11,5 ha	0,013 %		
Proxectos sectoriais	24	386 ha			
PXOM	11	104.930 ha	3,60 %	301.811	11,07
TOTAIS		321.825 ha	10,88 %	1.530.551	56,16%

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DAS AVENIDAS DE GALICIA, POBOADO DAS VEIGAS, CASTELAO, ORTIGUEIRA E DAS CAMPEIRAS A PROL DO CONCELLO DAS PONTES

- ***Esta transferencia está xustificada porque as vías AC-118 e AC-119, que suman 4,4 quilómetros, adquiriron características de tramo urbano***
- ***A entrega formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega***
- ***A partir dese momento, o Concello das Pontes deberá incorporar ao seu Plan de estradas as vías a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto de cambio de titularidade das avenidas Castelao, de Ortigueira, das Campeiras (AC-119) e das avenidas de Galicia e do Poboado das Veigas (AC-118), a prol do Concello das Pontes. A primeira das estradas autonómicas é a AC-118 (As Pontes (AC-861) - As Pontes (AC-101)), de 1,8 km, vai desde a intersección coa estrada AC-861 ata a rotonda de intersección coas estradas AC-105 e AC-101. A segunda AC-119 (As Pontes (AC-118) - As Pontes (AC-101)), ten unha lonxitude de 2,6 km e discorre desde a intersección coa AC-118 ata a intersección coa AC-101. En total, as dúas estradas suman 4,4 quilómetros.

Estas dúas estradas están integradas no núcleo urbano das Pontes conformando dúas rúas do dito municipio con beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizos urbanos polo que adquiriron características de tramo urbano.

O Concello das Pontes solicitou o cambio de titularidade das estradas referidas que, actualmente, son autonómicas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade.


O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da Lei de estradas, que establece que os cambios de titularidade se aprobarán por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Compromisos

O Concello das Pontes deberá incorporar ao seu Plan de Estradas as vías a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento. Ademais, correspóndenlle ao municipio, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión,

conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puiden corresponderlle como nova Administración titular.

A entrega das mesmas formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega.



A XUNTA ACORDA RECORRER CONTRA A SENTENZA DO PRESTIGE EMITIDA POLA AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA

O Consello da Xunta acordou hoxe recorrer contra a sentenza ditada pola Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña relativa ao accidente marítimo do buque Prestige, na cal se absolve o capitán do buque dos delitos contra o ambiente e danos en espazos naturais protexidos e se lle condena a nove meses de prisión por un delito de desobediencia grave á autoridade.

O Goberno galego considera que o accidente do petroleiro Prestige provocou graves consecuencias ecolóxicas, sociais e económicas no noso país. Por tanto, a interposición deste recurso de casación ten por obxecto buscar a mellor protección dos intereses públicos e dos cidadáns, así como a defensa do ambiente protexido polo artigo 45 da Constitución española.

O mencionado artigo da CE establece que quen dane o ambiente, ademais de responder penalmente por iso, debe reparar os danos causados. Neste sentido, o acordo adoptado recolle que se debe velar porque a condena que se solicite comprenda tamén a condena ás responsabilidades civís derivadas do delito de xeito que permitan a reparación dos danos.

Deste xeito a Xunta acaba de instar a Asesoría Xurídica Xeral a que interpoña un recurso de casación –ou calquera outro que en dereito proceda– contra a sentenza citada no que se refire á absolución do capitán do barco, Apóstolos Ioannis Mangouras, dos delitos contra o ambiente, danos en espazos naturais protexidos e danos polos cales foi acusado.

A XUNTA DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS AO FOMENTO DA INTERNACIONALIZACIÓN NO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- ***O programa para a contratación de xestores de internacionalización achega a empresas e asociacións empresarias a posibilidade de contratar especialistas que lles faciliten o acceso a novos mercados***
- ***Os apoios poden cubrir ata o 90% do salario bruto, contando cunha maior intensidade naqueles contratos realizados por clústeres ou empresas en zonas con plans de especial dinamización territorial***
- ***Aspírase a contratar preto dun centenar de profesionais beneficiando sectores de relevancia da economía galega como o agroalimentario, o metal, a maquinaria, a automoción ou as TIC***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial como un dos piares do crecemento económico, segue a desenvolver diferentes programas de impulso para facilitar a saída ao exterior das pemes galegas. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe as bases específicas para a contratación polas empresas galegas de especialistas en internacionalización.

Este programa, dotado con máis dun millón de euros, ten como obxectivo facilitar ás empresas e asociacións empresariais galegas a prospección e acceso a novos mercados poñendo ao seu alcance axudas para contratar profesionais en internacionalización empresarial que lles faciliten o acceso a novos mercados.

Neste sentido, os apoios facilitarán a contratación de preto dun centenar de especialistas en sectores de relevancia da economía galega, como o agroalimentario, o metal, a maquinaria, a automoción ou as TIC.

Para isto, subvencionarase ata o 75% do salario bruto anual. Unha porcentaxe que se verá incrementada ata chegar ao 90% no caso da contratación dun xestor de ata 30 anos, parado de longa de duración (5%) que sexa contratado por un clúster (5%), ou por unha empresa localizada en zonas con plans de especial dinamización (5%).

Mediante este programa, a Consellería de Economía e Industria avanza no impulso da internacionalización do tecido empresarial galego. Así, nos últimos anos téñense destinado preto de 5 millóns ao desenvolvemento desta liña, que permitiu a contratación de xestores de internacionalización por preto de 300 empresas e asociacións empresarias galegas.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DÁ LUZ VERDE AO INICIO DO PROCESO DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS DA AUGA PARA QUE OURENSE SEXA LÍDER EN TEMÁTICAS DA AUGA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización desta iniciativa, enmarcada na aposta da Consellería por dar peso aos campus periféricos apostando pola especialización***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao inicio do proceso de especialización na Universidade de Vigo, do Campus da Auga no Campus de Ourense, a través do que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria busca converter Ourense nun referente da I+D+i na temática da auga. Esta autorización supón, ademais, unha oportunidade para establecer no Campus de Ourense un campus líder en temáticas da auga, aproveitando o potencial termal de Ourense, que a sitúa como a segunda cidade europea en potencial termal (despois de Bucarest) con máis de 4 millóns de litros/ día de auga mineromedicinal.

Trátase da primeira iniciativa de especialización dun campus non central do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o que fai do de Ourense un campus líder en temáticas da auga con capacidade para expandir a súa plataforma de investigación e innovación e para obter novas fontes de financiamento que aseguren o seu papel na comunidade internacional de educación superior e a súa sustentabilidade a longo prazo.

Despois de rematado o Plano estratéxico e o programa de necesidades funcionais e usos da futura sede do Campus da Auga (para o cal a Consellería achegou o pasado 2012 un total de 247.800 euros), hoxe autorizouse o inicio da especialización deste campus, que vén dar resposta, ademais, á realidade da actividade que xa se está a desenvolver no campus da UVigo na cidade das Burgas, na que traballan ata 49 grupos de investigación formados por 341 investigadores, cunha importante infraestrutura de investigación, desenvolvemento e de transferencia de coñecemento asociada e que se desenvolve nas facultades de Ciencias, Ciencias Empresariais e Turismo, Dereito, Ciencias da Educación, Historia e na Escola Superior de Enxeñaría Informática.

Plan Impulsa e revitalización económica

Cómpre sinalar, ademais, que esta aposta entronca directamente co Plan Impulsa Ourense, promovido polo IGAPE, que define os eixos estratéxicos, obxectivos, liñas de actuación e actuacións concretas para o impulso económico da provincia de Ourense (2011-2018), polo que supón unha oportunidade única para obter novas fontes de financiamento –en estreita colaboración co tecido empresarial, dado o peso deste sector na economía da zona.

Non en balde o Campus da Auga é unha iniciativa apoiada polo Goberno galego para a revitalización de Ourense sostida sobre as bases do coñecemento científico, que procure un futuro próspero para a provincia. Así o investimento previsto para o desenvolvemento do proxecto o longo do período 2014-2018 é de 5.437.500 euros, dos cales 4.500.000 euros se investirán na construción dunha infraestrutura que será destinada a usos científicos e será a sede institucional do Campus da Auga .

Liñas de orientación estratéxica

O Campus da Auga nace como un proxecto composto de varios centros, especializado na auga desde un punto de vista multidisciplinar, e construírse sobre 6 áreas de especialización, que constitúen áreas de colaboración: alimentación, xestión do recurso auga, innovación social e educativa, medio, tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e turismo–patrimonio cultural.

Para acadar esta misión definíronse cinco liñas de orientación estratéxica, nos dominios seguintes: educación, investigación, transferencia de tecnoloxía e coñecemento, internacionalización e financiamento sustentable.

Así, no referido á primeira delas prevense iniciativas como a creación dun programa de doutoramento do Campus da Auga que incremente o número e o nivel investigador dos doutorandos.

No tocante á investigación prevese a creación de dous clústeres de I+D en áreas de relevancia relacionadas coa auga, con entidade suficiente para alcanzar visibilidade e excelencia internacional; así como a dunha unidade de investigación de excelencia universidade-empresa-administración. O obxectivo é promover o establecemento dunha estrutura en que se poidan crear grupos de investigación capacitados para obter financiamento estatal e internacional.

En canto á terceira liña de orientación, crearase unha unidade de transferencia de tecnoloxía e coñecemento que identifique e promova a licenza de tecnoloxías e coñecemento ao sector privado e que ofrezca servizos que proporcionen apoio baseados en tecnoloxía e coñecemento específico a empresas. Complementariamente establecerase un programa de emprendemento e creación de empresas.

No que atinxe á internacionalización do Campus da Auga, potenciarase a mobilidade de estudantes de doutoramento e investigadores, e porase en funcionamento un fórum internacional en investigación e educación colaborativa que contribúa a incrementar a visibilidade global do Campus.

Todas as liñas están enfocadas cara ao establecemento de relacións e sinerxias que permitan asegurar o financiamento e sustentabilidade deste proxecto, contando coa necesaria cooperación entre a universidade, o tecido empresarial, económico, social e cultural da provincia e as administracións públicas, de forma que teña un forte impacto no tecido socioeconómico da provincia de Ourense.

A XUNTA MOBILIZA 13 MILLÓNS EN 88 PROXECTOS TECNOLÓXICOS QUE CONTRIBÚEN Á MODERNIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- ***A través desta liña de axudas promóvense investimentos tecnolóxicos na industria, investimentos de empresas do sector servizos e iniciativas de difusión da mellora da competitividade empresarial***
- ***O desenvolvemento dos proxectos permitirá crear preto de 150 empregos***
- ***Máis do 50% dos apoios destínanse a iniciativas empresariais que se desenvolverán en zonas con plans de dinamización territorial***

A Xunta de Galicia, na súa aposta polo modernización do tecido empresarial galego, vén de resolver a orde de axudas para investimentos tecnolóxicos que permitirá apoiar 88 proxectos tecnolóxicos que mobilizan un total de 13 millóns de euros. Deste xeito, impúlsase a mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas galegas a través de distintas actuacións que contribuirán á creación de 148 novos postos de traballo.

Neste contexto, cómpre salientar que a liña de axudas, que contaba cun orzamento de 5 millóns de euros, abrangue tres eixos de actuación fundamentais, destinando máis do 50% dos apoios a zonas con plans de dinamización territorial.

O primeiro destes eixos céntrase na promoción de investimentos tecnolóxicos na industria, e suma máis de 3 millóns para a realización de 21 proxectos que benefician outras tantas empresas. Neste caso, a intensidade media dos apoios chega case ao 36%, cifra que representa un incremento do 57,5% sobre a convocatoria do ano anterior.

Este eixo comprende apoios que oscilan entre os 300.001 e os 500.000 euros, e corresponde o 43% dos proxectos a zonas con plans de especial dinamización territorial (Impulsa Lugo e Ourense, Plan Ferrol, e Plan Revive Costa da Morte), que suman máis do 50% das subvencións totais que se concederán.

Por outra parte, ao abeiro desta liña apóianse tamén investimentos tecnolóxicos no sector servizos a través da aprobación de 45 proxectos que recibirán unha subvención conxunta de 1,68 millóns de euros. A intensidade media da axuda supera o 43%, un 97% máis que na resolución da convocatoria anterior.

Neste caso, o investimento subvencionable sitúase entre os 30.000 e os 200.000 euros. Así mesmo, máis do 33% dos proxectos e máis do 43% das subvencións corresponden a investimentos que se desenvolverán en zonas con plans especiais de dinamización territorial.

Finalmente, apoiaranse outras 22 iniciativas para a difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas empresariais en aspectos relacionados coa promoción e difusión da mellora da competitividade empresarial, do emprendemento ou da internacionalización, concedendo unhas subvencións que suman máis de 337.000 euros, das cales o 40% pertence a 13 proxectos que se sitúan en zonas con plans de dinamización territorial.

Este programa de apoios, promovido polo Igape, complementa a liña de investimentos innovadores para o crecemento empresarial da Axencia Galega de Innovación, que cobre proxectos de equipamentos tecnolóxicos para innovación que se sitúan nun tramo de investimento inferior aos 300.000 euros. En total, os dous programas mobilizan 18 millóns para a realización de proxectos destinados á renovación de equipamentos e maquinaria nas pemes galegas.

A XUNTA DESEÑA UNHA ESTRATEXIA QUE INCLÚE UN TOTAL DE 53 MEDIDAS CON DIVERSOS BENEFICIOS PARA AS MÁIS DE 19.500 FAMILIAS NUMEROSAS GALEGAS

- ***A Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia, que integra as actuacións que existen e as que se van programar para este colectivo entre 2013 e 2016, horizonte 2020***
- ***As medidas contarán cun orzamento entre 2013 e 2016 de máis de 36,4 millóns de euros***
- ***Entre as novidades destaca a prioridade destas familias no acceso ao Programa Reconduce de prevención do risco de desafiuzamento por execución hipotecaria***
- ***Terán tamén prioridade na obtención de flexibilidade do horario laboral e na elección do período de vacacións no ámbito do emprego público***
- ***Este colectivo será preferente para ser beneficiario dos programas do Plan de vivenda 2013-2016 de fomento do aluguer***
- ***As familias numerosas son as únicas que superan a taxa de recambio xeracional de 2.1 fillas ou fillos por muller***

A Consellería de Traballo e Benestar acaba de deseñar a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia, que integra un total de 53 medidas, tanto as que xa existen como as que se van programar, para beneficiar este colectivo entre 2013 e 2016, que xa suma máis de 19.500 familias. O Consello da Xunta aprobou hoxe esta actuación que se elaborou en colaboración con todos os departamentos do Goberno galego e a Asociación Galega de Familias Numerosas (Agafan).

Das máis de 50 medidas que se inclúen no documento existen 48 de carácter autonómico- 8 encádranse dentro do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e un total de 2 forman parte do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020-, e 5 correspóndense con actuacións doutras administracións. As diferentes actuacións contan cun orzamento entre este ano e 2016 de máis de 36,4 millóns de euros.

Entre as medidas máis innovadoras destacan a prioridade destas familias no Programa Reconduce de prevención do risco de desafiuzamento por execución hipotecaria e tamén e no Plan de Vivenda 2013-2016 de fomento do aluguer, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas. Outra das medidas que sen van programar será o establecemento de políticas sociais no plan de transporte metropolitano de Galicia con reducións das tarifas previstas nas áreas constituídas da Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo e en constitución de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Así mesmo, as familias numerosas terán prioridade en 2014 na obtención da flexibilidade do horario laboral e a posibilidade de traballar desde a casa para conciliar a vida persoal, laboral e familiar e na elección do período de vacacións das mulleres xestantes e das mulleres e homes con fillos ou fillas menores de 12 anos ou maiores dependentes ao seu coidado, sempre no eido do emprego público.

A Estratexia de Apoio para as Familias Numerosas de Galicia 2013-2016 tamén inclúe como medidas novas para aplicar a partir do próximo ano a exención do prezo nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Xunta a partir do segundo fillo que acuda á mesma escola, sempre e cando as familias teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais. Ademais, poderán beneficiarse dun incremento na dedución fiscal por nacemento ou adopción.

Medidas actuais

O documento tamén inclúe medidas que xa están en marcha e entre as cales destacan o recoñecemento ou asimilación á categoría de descendente do fillo concibido e non nado ou a posta en marcha do programa 'Montaña en Familia' para que este colectivo poida gozar de estadias de fin de semana no parque natural Manzaneda-Estación de Montaña cun prezo reducido.

Así mesmo, estas familias gozan de reducións nas taxas de expedición de títulos non universitarios e nas ensinanzas especiais, así como nos prezos de matrícula nas ensinanzas universitarias de Galicia; preferencia na obtención do cheque infantil, no ingreso nos centros de atención a primeira infancia e na admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos, así como redución dun 20 por cento por cada neno ou nena nos prezos dos centros de atención á infancia; e bonificacións nos comedores escolares e do 50 por cento no canon da auga, así como no coeficiente de vertedura por familia numerosa. Tamén desde a Xunta reciben descontos nos campamentos para as persoas con discapacidade; no programa de acción de verán dirixido á mocidade galega; e preferencia no acceso ás prazas de residencias xuvenís.

Galicia tamén ofrece a este colectivo o carné familiar galego, que é unha tarxeta persoal e intransferible co que se pode obter vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa. Na actualidade son 1.943 entidades as que colaboran e que benefician unhas 56.233 persoas.

Por último, é preciso salientar que as familias numerosas son as únicas que superan a taxa de recambio xeracional de 2,1 fillos ou fillas por muller. Por este motivo, o Goberno galego deseñou esta Estratexia e por iso tamén en Galicia se lles recoñeceu a condición de familias de especial consideración ao amparo da Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

A XUNTA XESTIONOU NO 2013 A INXECCIÓN DE 321 MILLÓNS DE EUROS NO MEDIO RURAL GALEGO DE FONDOS DA POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN (PAC)

- ***Así se recolle nun informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, relativo á xestión dos fondos europeos Feaga e Feader entre outubro de 2012 e o mesmo mes de 2013***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, xestionou no exercicio comunitario 2013 a inxección de 321 millóns de euros no medio rural galego da Política Agrícola Común (PAC). Así se reflicte no informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, relativo á xestión dos fondos europeos agrícolas Feaga (Fondo Europeo Agrícola de Garantía) e Feader (Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural) do exercicio comunitario 2013, que se iniciou en outubro de 2012 e que rematou o pasado día 15 de outubro deste ano.

A xestión destes fondos enmárcase na política do Goberno galego, que ten entre as súas prioridades estratéxicas a contribución a un medio rural sustentable económica e socialmente, en harmonía co medio ambiente e xerador de produtos de alta calidade e valor engadido, que demanda de maneira crecente o mercado.

Destes 321 millóns de euros, no ámbito das medidas do primeiro piar da PAC (axudas directas aos agricultores para contribuír á estabilización da renda agraria e medidas de intervención de mercados) xestionou a Consellería o pagamento de 175 millóns de euros. Neste sentido, debe destacarse o esforzo de xestión no exercicio 2013, de tal modo que no primeiro trimestre do exercicio comunitario xa se tiña aboado o 90% das axudas.

Por outra banda, no contexto do segundo piar da PAC –as medidas de desenvolvemento rural–, xestionouse neste exercicio o pagamento de 146 millóns de euros. En relación con este eido, desde o inicio do período 2007-2013 foron xestionadas pola Consellería 886,6 millóns de euros para o desenvolvemento rural en Galicia, e o 90,7% foron tramitados nas anualidades 2009-2013.

No informe analizado hoxe polo Consello recóllese tamén que desde o ano da creación do organismo pagador dos Fondos Europeos Agrícolas en Galicia –no exercicio 1997–, este ente xestionou a inxección dun total de 3.157 millóns no medio rural galego de fondos procedentes da Política Agrícola Común.